

**ACTA DE ESTUDO DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA XUSTIFICAR BAIIXAS TEMERARIAS E VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL RÚA AGRO DO MEDIO EN MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES. POS COMPLEMENTARIO 2017**

Na Casa do Concello de Ames sendo ás trece horas e corenta minutos do día cinco de xullo de dous mil dezaoito reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras de **ACCESIBILIDADE UNIVERSAL RÚA AGRO DO MEDIO EN MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

A sesión comeza coa intervención da secretaria que adianta que na primeira xuntanza da mesa de contratación se acordara (segundo se pode comprobar na acta levantada ó efecto) a exclusión do procedemento de licitación das empresas Mecano Obras y Reformas SL e Juan Carlos Abilleira Sanmartín SL por presentar a súa oferta fóra de prazo e a empresa UTE Barnacle Obras y servicios SL-Excavaciones y Transportes BC, por presentar no sobre A a documentación correspondente ó sobre C (oferta económica).

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 8 de maio de 2018, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeu a realizar os cálculos (co programa da Excm. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas **ALCOMTE GALICIA SL**, que ofertou unha baixa do 39,99 %, **CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL**, que ofertou unha baixa do 33,79 %, e **GROMA OBRAS SL**, que ofertou unha baixa do 36,63 %, estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

**ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax á ALCOMTE GALICIA SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL e GROMA OBRAS SL, concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Con data 21 de maio de 2018 remitíuselle escrito de requirimento ás tres empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as tres empresas requiridas. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas tres empresas para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 12 de xuño de 2018, que transcrito literalmente dí:

**“INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR ALCOMTE GALICIA, SL, GROMA OBRAS,S.L E CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO,SL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRAS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL RÚA AGRO DO MEDIO EN MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES.**

**ANTECEDENTES:**

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 126.144,74 €. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 95.211,22€, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 90.694,45€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 84.645,13€, que supón un 32,90% de baixa. Despois de varios trámites a acordos da Mesa de Contratación, esta dálle un prazo de 5 días naturais ás empresas:

ALCOMTE GALICIA, S.L.:75.697,60€ (39,99%de baixa)  
GROMA OBRAS,S.L.:79.937,91€ (36,36%de baixa)  
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO,S.L.:83.520,43 (33,79%de baixa)

para que xustifiquen as baixas ofertadas, tendo en conta que se atopan en presunción de temeridade.

As tres empresas presentan documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

**INFORME:**

ALCOMTE GALICIA, S.L.

A empresa expón que as súas oficinas centrais están localizadas no municipio de Santiago de Compostela (A Coruña) e que ten plena actividade na provincia da Coruña como no resto da Comunidade Autónoma Galega, e que posúe unha ampla experiencia na execución de obras para a Administración Central, Autonómica e Local. Indica tamén que, nos últimos anos, a proliferación de empresas do sector produciu unha obrigada redución das marxes de beneficio, xunto cunha renovación de equipos e métodos de traballo que fixeron posible a contratación con baixas crecentes por razóns de mercado; e que o persoal da empresa ten experiencia contrastada na realización de obras similares.

**Avaliación da xustificación presentada:**

A empresa licitadora non achega un estudo económico detallado do proxecto que permita xustificar a baixa presentada, senón que tan so expón unha serie de argumentos e consideracións xerais que lle levan a acreditar a viabilidade da súa oferta.

Estas circunstancias que enumeran non son suficientes, posto que non se cuantifica o peso que teñen na composición do orzamento. Bótase, en falta, por exemplo, un orzamento comparativo por partidas, elaboración de novos prezos descompostos, análise dos gastos xerais, etc.

GROMA OBRAS,S.L.

A empresa ten presentado documentación, que consta dos seguintes apartados:

1. *Introdución*
2. *Coñecemento dos traballos a realizar*
3. *Xustificación dos prezos ofertados*
4. *Relación de obras executadas*
5. *Dispoñibilidade de medios e equipos apropiados*
6. *Relación de medios persoais e materiais.*

A empresa alega un coñecemento profundo da obra, da que se deriva unha redución das porcentaxes de gastos indirectos (1%), beneficio industrial (2%) e gastos xerais (3%).

A xustificación dos prezos ofertados baséase na elaboración de novos prezos descompostos, nos que reduce o prezo de diferentes materiais e o rendemento da man de obra e maquinaria.

**Avaliación da xustificación presentada:**

A empresa licitadora non achega un estudo económico detallado do proxecto que permita xustificar a baixa presentada. Por un lado fixa unhas porcentaxes de gastos directos, beneficio industrial e gastos xerais que non están avalados por ningún estudo: determinan eses como poderían ser outros.

O mesmo ocorre cos prezos descompostos: introdúcense cambios de rendementos de man de obra e maquinaria de maneira gratuita, sen que quede suficientemente argumentado e razón deses cambios.

CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO,S.L.

A empresa ten presentado unha exhaustiva documentación, na que xustifica a súa oferta económica mediante a elaboración dun orzamento no que aplica novos prezos, dos que achega descompostos, elaborados cos seguintes criterios:

O custo da man de obra redúcese, considerando o custo en función das diferentes categorías profesionais, e aplicándolles o soldo actual-pagas+vacacións segundo convenio; e engadindo os gastos/h en concepto de SS.

Por outra banda, o licitador tamén achega un resumo da nómina do persoal en plantilla.

O licitador achega orzamentos e cartas de compromiso de diversas empresas para o subministro de diversos materiais, que supoñen menor custo do que figura no proxecto. Entre outros, Pozos de Barrena (area, zahorra e maquinaria), Benito (mobiliario), Sumiagua (saneamento), Campo (baldosa hidráulica), Guntín (canelata), Ferrallas Xallas (ferralla), Orto Parques y Jardines (alcorque), Votorantim (hormigóns), Marlo SL (marquesiña)

Canto á maquinaria, o licitador indica que conta cun parque moi versátil que se atopa xa amortizado, o que reduce significativamente o custo/hora.

Finalmente, para o cálculo do orzamento final, aplica ao PEM unha porcentaxe do 7% en concepto de gastos xerais e beneficio industrial.

#### **Avaliación da xustificación presentada:**

O custo da man de obra non se debe de calcular en función das cantidades que figuran no convenio, senón do custo real e efectivo que o traballador ten para empresa. Neste senso, o listado de nóminas que se achega non especifica a cualificación profesional dos traballadores, polo que non é posible determinar o custo/hora de cada categoría profesional.

O material que ten ofertado algunha das empresas subcontratistas non se corresponde co especificado no proxecto. Por exemplo, a empresa Marlo SL oferta unha marquesiña modelo "Ares" cunhas características totalmente diferentes ás que veñen descritas no proxecto: é máis pequena, non leva panel informativo electrónico, etc. É evidente que o prezo de ambas as dúas marquesiñas (2.275,00 € e 9.705,33 €) reflicte claramente a diferente calidade das mesmas. Porén, no orzamento elaborado asigna a esta partida un prezo intermedio de 4.768,59 €, sen que se achegue unha oferta dun subministrador por ese prezo (que practicamente reduce á metade o prezo do proxecto).

A porcentaxe que a empresa asigna a gastos xerais e beneficio industrial non está respaldada por ningún estudo do custos que a empresa ten por estes conceptos: indica un 7% como podería ter indicado calquera outra cifra.

#### **CONCLUSIÓN:**

Examinada a documentación presentadas polas empresas licitadoras para xustificar as ofertas económicas realizadas, considérase que ningunha delas a xustifica de xeito adecuado, polo que se informan desfavorablemente".

Á vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, das empresas ALCOMTE GALICIA SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL e GROMA OBRAS SL, do procedemento por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

Tendo en conta que na licitación había empresas vinculadas, no primeiro cálculo económico só se tiveron en conta para calcular as posibles baixas temerarias os prezos máis baixos das empresas que manifestaron a súa vinculación. Debido a elo e para seguir adiante co procedemento de clasificación das ofertas presentadas é necesario introducir na fórmula de cálculo da Deputación Provincial as ofertas das empresas vinculadas, que quedaran fóra do primeiro cálculo por ser a súa oferta máis elevada que a da empresa vinculada elixida.

A continuación procédese á valoración das ofertas presentadas incluíndo as que quedaran fóra do primeiro

cálculo por incluir só a máis baixa das empresas que manifestaran a súa vinculación, obténdose o seguinte resultado:

**Tipo de licitación con IVE: 126.144,74.- Euros**

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
1	EXCAVACIONES POSE SL	102.850,00	20,88
2	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	90.042,09	31,10
4	COVIASSTEC SL	92.638,04	29,31
5	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	105.469,61	18,64
6	ASFALGAL TÉCNICA VIARIAS SL	95.655,56	27,02
7	MGM EDIFICACIÓN E INFRAESTRUCTURAS SL	103.500,00	20,33
8	2000 JOSCOÑ CONSTRUCCIONES SL	93.762,90	28,53
9	EXCAVACIONES MIDÓN SL	90.824,21	30,56
10	SYR-AMG SLU	96.841,22	26,01
11	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES SA	104.899,99	19,13
12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI SL)	103.077,90	20,69
14	SONDEOS PORZUNA SL	84.655,74	34,82
16	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	84.277,30	35,08
17	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	89.436,62	31,52
18	SERGONSA SERVICIOS SL	88.475,20	32,18
19	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	105.420,00	<b>18,69</b>
20	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	94.329,86	28,14
21	AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	92.744,48	29,23
23	GESTAL Y LÓPEZ SL	89.840,29	31,24
24	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	100.085,49	23,24
25	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	97.371,00	25,56
26	CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL	102.136,50	21,49
27	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	86.838,05	33,31
28	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	111.120,90	13,82
29	CYS HISPANIA SL	98.094,59	24,94

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, que seguían no procedemento de licitación, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
16	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	84.277,30	35,08
14	SONDEOS PORZUNA SL	84.655,74	34,82
27	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	86.838,05	33,31
18	SERGONSA SERVICIOS SL	88.475,20	32,18
17	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	89.436,62	31,52
23	GESTAL Y LÓPEZ SL	89.840,29	31,24
2	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	90.042,09	31,10
9	EXCAVACIONES MIDÓN SL	90.824,21	30,56
4	COVIASSTEC SL	92.638,04	29,31
21	AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	92.744,48	29,23
8	2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	93.762,90	28,53
20	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	94.329,86	28,14
6	ASFALGAL TÉCNICA VIARIAS SL	95.655,56	27,02
10	SYR-AMG SLU	96.841,22	26,01
25	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	97.371,00	25,56
29	CYS HISPANIA SL	98.094,59	24,94
24	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	100.085,49	23,24
26	CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL	102.136,50	21,49
1	EXCAVACIONES POSE SL	102.850,00	20,88
12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI SL)	103.077,90	20,69
7	MGM EDIFICACIÓN E INFRAESTRUCTURAS SL	103.500,00	20,33
11	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES SA	104.899,99	19,13
19	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	105.420,00	18,69
5	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	105.469,61	18,64
28	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	111.120,90	13,82

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA:**

**Primeiro.-** Trasladar ó órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas Mecano Obras y Reformas SL e Juan Carlos Abilleira Sanmartín SL por presentar a súa oferta fóra de prazo e a empresa UTE Barnacle Obras y servicios SL-Excavaciones y Transportes BC, por presentar no sobre A a documentación correspondente ó sobre C (oferta económica).

**Segundo.-** Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas ALCOMTE

GALICIA SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL e GROMA OBRAS SL, por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

**Terceiro.-** Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de accesibilidade universal en rúa Agro do Medio en Milladoiro do Concello de Ames á empresa **CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL** con CIF B-15261308 no prezo de sesenta e nove mil seiscientos cincuenta euros e sesenta e seis céntimos **(69.650,66)**, máis o IVE correspondente que ascende á cantidade de catorce mil seiscientos vinte e seis e sesenta e catro céntimos **(14.626,64)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as catorce horas e catro minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

